

## CAPÍTULO II

## Inspección técnica de vehículos

**Artigo 7.** *Prestación dos servicios de inspección técnica de vehículos.*

1. As inspeccións técnicas que, de acordo co disposto no Regulamento xeral de vehículos e nas demais normas aplicables, deban facerse nos vehículos, realizaranse en estacións de inspección técnica de vehículos.

2. A execución material das inspeccións poderá ser efectuada polas comunidades autónomas ou administración competente directamente ou a través de sociedades de economía mixta no capital das cales participen, ou por particulares. Salvo no caso en que a execución a leven a cabo directamente as comunidades autónomas ou administración competente, será requisito imprescindible para acceder á actividade de inspección de vehículos a obtención previa dunha autorización, que lles corresponderá outorgar ás comunidades autónomas ou administración competente.

A autorización deberá outorgarse sempre que o titular acredite que a instalación na que proxecta realiza-los servicios de inspección cumpre os requisitos técnicos que para tal efecto se determinen regulamentariamente no prazo de catro meses desde a entrada en vigor deste real decreto lei.

3. O incumprimento das condicións técnicas que deben reuni-las instalacións constituirá unha infracción moi grave que será sancionada con multa de ata 5.000.000 de pesetas. Ademais, cando a comisión da infracción menoscabe gravemente a calidade dos servicios de inspección ou cando o incumprimento se produza de forma reiterada ou dilatada no tempo, poderá imporse a sanción de revogación da autorización habilitante para o exercicio da actividade de inspección de vehículos, caso no que, unha vez iniciado o expediente, poderá esta suspenderse provisionalmente.

A competencia para instruí-los expedientes sancionadores e impo-las sancións corresponderá ós órganos competentes das comunidades autónomas ou administración competente en cada caso.

As infraccións ás que se refire este parágrafo prescribirán ó ano; as sancións prescribirán igualmente no prazo dun ano.

Reglamentariamente poderá actualizarse a contía da multa prevista no presente parágrafo.

**Disposición transitoria.** *Réxime das concesións e autorizacións de prestación de servicios de inspección técnica de vehículos subsistentes no momento da entrada en vigor do presente real decreto lei.*

As concesións outorgadas conforme o Real decreto 1987/1985, do 24 de setembro, e as autorizacións concedidas conforme o Real decreto 3273/1981, do 30 de outubro, subsistentes no momento da entrada en vigor deste real decreto lei, seguirán habilitando os seus titulares para realiza-los servicios de inspección de vehículos sen que sexa preceptiva nestes casos a autorización previa á que se refire o artigo 7 do presente real decreto lei. Non obstante, en ámbolos casos, as estacións estarán obrigadas a cumpri-los requisitos técnicos esixibles con carácter xeral a todo tipo de instalacións e seralles de aplicación o réxime sancionador previsto no devandito precepto.

**Artigo 8.** *Modificación do Real decreto 1987/1985, do 24 de setembro, sobre normas básicas de instalación e funcionamento das estacións de inspección técnica de vehículos.*

1. Suprímese a referencia que se contén no artigo 3 respecto dos talleres de reparación.

2. Modifícase o artigo 13, que queda redactado do seguinte modo:

«As tarifas máximas de inspección e a súa actualización periódica serán establecidas polas comunidades autónomas.»

3. Reglamentariamente poderase modifica-lo disposto neste artigo.

**Disposición derogatoria.**

Quedan derogadas cantas outras disposicións de igual ou inferior rango ó do presente real decreto lei se opoñan ó disposto nel.

**Disposición derradeira primeira.** *Facultade de desenvolvemento.*

Habílitate o Goberno para desenvolver regulamentariamente o disposto neste real decreto lei.

**Disposición derradeira segunda.** *Títulos competenciais.*

As disposicións deste real decreto lei teñen o carácter de disposicións de aplicación xeral dictadas ó amparo do artigo 149.1.13.<sup>a</sup> e 21.<sup>a</sup> da Constitución.

**Disposición derradeira terceira.**

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 23 de xuño de 2000.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

*(Este real decreto lei inclúese tendo en conta a corrección de erros publicada no «Boletín Oficial del Estado» número 154, de data 28 de xuño de 2000.)*

## MINISTERIO DE SANIDADE E CONSUMO

**11994** *REAL DECRETO 994/2000, do 2 de xuño, polo que se modifica o Real decreto 145/1997, do 31 de xaneiro, polo que se aproba a lista positiva de aditivos distintos de colorantes e edulcorantes para o seu uso na elaboración de produtos alimenticios, así como as súas condicións de utilización («BOE» 153, do 27-6-2000.)*

A Directiva 95/2/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de febreiro, relativa ós aditivos alimentarios distintos dos colorantes e edulcorantes, incorpórase ó ordenamento español mediante o Real decreto 145/1997, do 31 de xaneiro, polo que se aproba a lista positiva de aditivos distintos de colorantes e edulcorantes para uso na elaboración de produtos alimenticios, así como as súas condicións de utilización.

Posteriormente, producíronse progresos técnicos no ámbito dos aditivos alimentarios, de aí que se considere necesario adapta-lo contido da citada Directiva 95/2/CE

a estes cambios, o que se levou a cabo mediante a publicación da Directiva 98/72/CE do Parlamento Europeo e do Consello de 15 de outubro, relativa ós aditivos alimentarios distintos dos colorantes e edulcorantes, que é obxecto de incorporación ó ordenamento xurídico español mediante o presente real decreto.

Este real decreto inclúe un anexo que modifica o contido dos anexos do Real decreto 145/1997, e introduce así mesmo modificacións no seu articulado. Preténdese con iso establecer una regulación actualizada destes aditivos, así como das súas condicións de utilización, todo iso co obxecto de garantir a protección da saúde e a información dos consumidores.

Así mesmo, a publicación da orde ministerial do 5 de decembro de 1996 pola que se modifican os anexos I e II do Real decreto 280/1994, polo que se establecen os niveis máximos de residuos de praguicidas nalgúns produtos de orixe vexetal, con inclusión das froitas e verduras e se dispón una lista de niveis máximos, con disposicións específicas sobre o tiabendazol, comporta a supresión desta substancia do Real decreto 145/1997, mediante esta norma.

Por outra parte, resulta necesario establecer de forma clara a asignación de empregos e doses de determinados aditivos, regulados no presente real decreto, a produtos específicos a denominación dos cales, claramente sancionada polo uso, non foi explicitamente incluída na directiva comunitaria de procedencia. Por iso, menciónase de forma expresa o termo español «mermeladas» («marmeladas» neste texto en lingua galega) no grupo «preparados de froita para estender».

Procede, por tanto, en virtude das obrigas derivadas da pertenza do Reino de España á Unión Europea, incorporar ó ordenamento xurídico interno os preceptos contidos na Directiva 98/72/CE, do 15 de outubro, mediante esta disposición, que se dicta ó abeiro do disposto no artigo 149.1.16.<sup>a</sup> da Constitución e de acordo co artigo 40.4 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade. Para a súa elaboración foron oídas as asociacións de consumidores e os sectores afectados, e emitiu informe preceptivo a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Sanidade e Consumo, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 2 de xuño de 2000,

## DISPÓN O:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 145/1997, do 31 de xaneiro, polo que se aproba a lista positiva de aditivos distintos de colorantes e edulcorantes para o seu uso na elaboración de produtos alimenticios, así como as súas condicións de utilización.*

O Real decreto 145/1997, do 31 de xaneiro, polo que se aproba a lista positiva de aditivos distintos de colorantes e edulcorantes para o seu uso na elaboración de produtos alimenticios, así como as súas condicións de utilización, queda modificado nos seguintes termos:

1. No artigo 1, engádese un novo número 6 e o texto seguinte:

«Este real decreto non é de aplicación ás enzimas, con exclusión das mencionadas nos anexos.»

2. O número 5 do artigo 1 modifícase como segue:

«Este real decreto será de aplicación ós axentes de tratamento da fariña, distintos dos emulxentes, entendendo como tales aquelas substancias que se engaden á fariña ou masa para mellora-la súa calidade de cocción.»

3. O número 1 do artigo 3 substitúese polo texto seguinte:

«Para os efectos mencionados no número 1 do artigo 2, así como para os axentes de tratamento da fariña distintos dos emulxentes, só poderán utilizarse nos produtos alimenticios as substancias que figuran nos anexos I, III, IV e V.»

4. O parágrafo a) do número 3.4 do artigo 3 substitúese polo texto seguinte:

«O leite (incluído o enteiro, o desnatado e o semi-desnatado) pasteurizado e esterilizado (incluída a esterilización UHT) e a nata enteira pasteurizada.»

5. O parágrafo a) do número 3.10 do artigo 3 substitúese polo texto seguinte:

«A pasta seca, agás a pasta sen glute ou a destinada a dietas hipoproteicas, de conformidade co disposto no Real decreto 1809/1991, do 13 de decembro.»

6. Os anexos do Real decreto 145/1997 modifícanse segundo o disposto no anexo do presente real decreto.

### **Disposición adicional única.** *Título competencial.*

Este real decreto dítase ó abeiro do establecido no artigo 149.1.16.<sup>a</sup> da Constitución, e de acordo co establecido no artigo 40.4 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.

### **Disposición transitoria única.** *Prórroga de comercialización, ata finalizar existencias.*

Queda prohibida a partir do 4 de novembro do ano 2000 a comercialización dos produtos que non se axusten ó disposto neste real decreto. Sen embargo, os produtos postos á venda ou etiquetados antes da dita data, poderán comercializarse ata esgota-las existencias, sempre que, non axustándose ó establecido na presente disposición, cumpran coa lexislación vixente con anterioridade á súa entrada en vigor.

### **Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 2 de xuño de 2000.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Sanidade e Consumo,  
CELIA VILLALOBOS TALERO

## ANEXO

### **Modificación do anexo I do Real decreto 145/1997**

*Aditivos alimentarios permitidos con carácter xeral nos produtos alimenticios non recollidos no número 3 do artigo 3*

Os aditivos que figuran neste anexo complétanse coas seguintes novas inclusións:

E-469 Carboximetilcelulosa hidrolizada enzimáticamente.  
E-920 L-Cisteína (\*).  
E-1103 Invertasa.  
E-1451 Amidón acetilado oxidado.

**Modificación do anexo II do Real decreto 145/1997**  
*Productos alimenticios nos que pode utilizarse un número limitado de aditivos do anexo I*

**Aceites e graxas:**  
 Neste epígrafe engádesse a seguinte categoría de produtos alimenticios:

Productos alimenticios	Aditivos	Dose máxima
Aceites e graxas sen emulsionar de orixe animal ou vexetal (excepto aceites virxes e aceites de oliva) destinados especificamente a cocciós ou fritadas ou á preparación de mollo.	E-270 Ácido láctico.	Quantum satis.
	E-300 Ácido ascórbico.	Quantum satis.
	E-304 Ésteres de ácidos graxos do ácido ascórbico.	Quantum satis.
	E-306 Extracto rico en tocoferois.	Quantum satis.
	E-307 Alfa-tocoferol.	Quantum satis.
	E-308 Gama-tocoferol.	Quantum satis.
	E-309 Delta-tocoferol.	Quantum satis.
	E-322 Lecitinas.	30 g/l.
	E-471 Mono e diglicéridos de ácidos graxos.	10 g/l.
	E-472c Ésteres de ácidos cítricos de mono e diglicéridos de ácidos graxos.	Quantum satis.
E-330 Ácido cítrico.	Quantum satis.	
E-331 Citratos de sodio.	Quantum satis.	
E-332 Citratos de potasio.	Quantum satis.	
E-333 Citratos de calcio.	Quantum satis.	

(\*) Soamente se pode utilizar como axente de tratamento da fariña.

**Leite e produtos lácteos:**  
 As seguintes categorías de produtos alimenticios:  
 Nata esterilizada, pasteurizada e UHT.  
 Nata de valor enerxético reducido.  
 Nata pasteurizada baixa en materia graxa.  
 Substitúese por:

Productos alimenticios	Aditivos	Dose máxima
Nata enteira pasteurizada.	E-401 Alxinato sódico.	Quantum satis.
	E-402 Alxinato potásico.	Quantum satis.
	E-407 Carraxenanos.	Quantum satis.
	E-466 Carboximetilcelulosa sódica.	Quantum satis.
	E-471 Mono e diglicéridos de ácidos graxos.	Quantum satis.
Manteiga de nata agre.	E-500 Carbonatos de sodio.	Quantum satis.

**Productos vexetais elaborados:**

As listas de aditivos das seguintes categorías de produtos alimenticios substitúense por:

Productos alimenticios	Aditivos	Dose máxima
Confituras, xeas, marmalades e marmeladas segundo o Real decreto 670/1990, do 25 de maio.	E-270 Ácido láctico.	Quantum satis.
	E-296 Ácido málico.	Quantum satis.
	E-300 Ácido ascórbico.	Quantum satis.
	E-327 Lactato cálcico.	Quantum satis.
	E-330 Ácido cítrico.	Quantum satis.
	E-331 Citratos sódicos.	Quantum satis.
	E-333 Citratos cálcicos.	Quantum satis.
	E-334 Ácido tartárico.	Quantum satis.
	E-335 Tartratos sódicos.	Quantum satis.
	E-350 Malatos sódicos.	Quantum satis.

Productos alimenticios	Aditivos	Dose máxima
	E-400 Ácido alxínico.	10 g/kg (por separado ou en combinación).
	E-401 Alxinato sódico.	
	E-402 Alxinato potásico.	
	E-403 Alxinato amónico.	
	E-404 Alxinato cálcico.	
	E-406 Agar-Agar.	
	E-407 Carraxenanos.	
	E-410 Goma de ervellaca.	
	E-412 Goma guar.	
	E-415 Goma xantana.	
E-418 Goma gellan.		
	E-440 Pectinas.	Quantum satis.
	E-471 Mono e diglicéridos de ácidos graxos.	
	E-509 Cloruro cálcico.	
	E-524 Hidróxido sódico.	
Confituras, xeas, marmalades e marmeladas de valor enerxético reducido.	E-270 Ácido láctico.	Quantum satis.
	E-296 Ácido málico.	
	E-300 Ácido ascórbico.	
	E-327 Lactato cálcico.	
	E-330 Ácido cítrico.	
	E-331 Citratos sódicos.	
	E-333 Citratos cálcicos.	
	E-334 Ácido tartárico.	
	E-335 Tartaratos sódicos.	
	E-350 Malatos sódicos.	
E-401 Alxinato sódico.		
E-402 Alxinato potásico.		
E-403 Alxinato amónico.		
E-404 Alxinato cálcico.		
E-406 Agar-Agar.		
E-407 Carraxenanos.		
E-410 Goma ervellaca.		
E-412 Goma guar.		
E-415 Goma xantana.		
E-418 Goma gellan.		
	E-440 Pectinas.	Quantum satis.
	E-471 Mono e diglicéridos de ácidos graxos.	
	E-509 Cloruro cálcico.	
	E-524 Hidróxido sódico.	
Preparados a base de froita para estender, incluídos os de valor enerxético reducido.	E-270 Ácido láctico.	Quantum satis.
	E-296 Ácido málico.	
	E-300 Ácido ascórbico.	
	E-327 Lactato cálcico.	
	E-330 Ácido cítrico.	
	E-331 Citratos sódicos.	
	E-333 Citratos cálcicos.	
	E-334 Ácido tartárico.	
	E-335 Tartaratos sódicos.	
	E-350 Malatos sódicos.	
E-401 Alxinato sódico.		
E-402 Alxinato potásico.		
E-403 Alxinato amónico.		
E-404 Alxinato cálcico.		
E-406 Agar-Agar.		
E-407 Carraxenanos.		
E-410 Goma ervellaca.		
E-412 Goma guar.		
E-415 Goma xantana.		
E-418 Goma gellan.		

Productos alimenticios	Aditivos	Dose máxima
	E-440 Pectinas.	Quantum satis.
	E-471 Mono e diglicéridos de ácidos graxos.	Quantum satis.
	E-509 Cloruro cálcico.	Quantum satis.
	E-524 Hidróxido sódico.	Quantum satis.

A seguinte categoría de produtos alimenticios:

Productos alimenticios	Aditivos	Dose máxima
Froitas, legumes e hortalizas non elaboradas, conxeladas e ultraconxeladas.	E-300 Ácido ascórbico.	Quantum satis.
	E-301 Ascorbato sódico.	Quantum satis.
	E-302 Ascorbato cálcico.	Quantum satis.
	E-330 Ácido cítrico.	Quantum satis.
	E-331 Citratos de sodio.	Quantum satis.
	E-332 Citratos de potasio.	Quantum satis.
	E-333 Citratos de calcio.	Quantum satis.

Substitúese por:

Productos alimenticios	Aditivos	Dose máxima
Froitas, legumes e hortalizas non elaboradas, conxeladas e ultraconxeladas.	E-300 Ácido ascórbico.	Quantum satis.
	E-301 Ascorbato sódico.	Quantum satis.
	E-302 Ascorbato cálcico.	Quantum satis.
	E-330 Ácido cítrico.	Quantum satis.
Froitas, legumes e hortalizas non elaboradas, envasadas e refrixeradas, listas para o consumo.	E-331 Citratos de sodio.	Quantum satis.
	E-332 Citratos de potasio.	Quantum satis.
Patacas envasadas peladas e sen elaborar.	E-333 Citratos de calcio.	Quantum satis.

A lista de aditivos da seguinte categoría de produtos alimenticios substitúese por:

Productos alimenticios	Aditivos	Dose máxima
Froitas, legumes e hortalizas en conserva.	E-260 Ácido acético.	Quantum satis.
	E-261 Acetato potásico.	Quantum satis.
	E-262 Acetatos sódicos.	Quantum satis.
	E-263 Acetato cálcico.	Quantum satis.
	E-270 Ácido láctico.	Quantum satis.
	E-296 Ácido málico.	Quantum satis.
	E-300 Ácido ascórbico.	Quantum satis.
	E-301 Ascorbato sódico.	Quantum satis.
	E-302 Ascorbato cálcico.	Quantum satis.
	E-325 Lactato sódico.	Quantum satis.
	E-326 Lactato potásico.	Quantum satis.
	E-327 Lactato cálcico.	Quantum satis.
	E-330 Ácido cítrico.	Quantum satis.
	E-331 Citratos sódicos.	Quantum satis.
	E-332 Citratos potásicos.	Quantum satis.
	E-333 Citratos cálcicos.	Quantum satis.
	E-334 Ácido tartárico.	Quantum satis.
	E-335 Tartaratos sódicos.	Quantum satis.
	E-336 Tartaratos potásicos.	Quantum satis.
	E-337 Tartarato dobre de sodio e potasio.	Quantum satis.
E-509 Cloruro cálcico.	Quantum satis.	
E-575 Glucono-delta-lactona.	Quantum satis.	

Queixos:

A lista de aditivos da seguinte categoría de produtos alimenticios substitúese por:

Productos alimenticios	Aditivos	Dose máxima
Queixos de tipo mozzarella e queixos obtidos a partir de lactosoros.	E-260 Ácido acético.	Quantum satis.
	E-270 Ácido láctico.	Quantum satis.
	E-330 Ácido cítrico.	Quantum satis.
	E-575 Glucono-delta-lactona.	Quantum satis.

Neste epígrafe engádesse a seguinte categoría de produtos alimenticios:

Productos alimenticios	Aditivos	Dose máxima
Queixo madurado en rebandas e relado.	E-170 Carbonatos de calcio.	Quantum satis.
	E-460 Celulosas.	Quantum satis.
	E-504 Carbonatos de magnesio.	Quantum satis.
	E-509 Cloruro cálcico.	Quantum satis.
	E-575 Glucono-delta-lactona.	Quantum satis.

Zumes:

Este epígrafe complétase engadindo outros produtos así como un novo aditivo:

Productos alimenticios	Aditivos	Dose máxima
Zumes de froitas segundo o Real Decreto 1650/1991, do 8 de novembro.	E-300 Ácido ascórbico.	Quantum satis.
	E-330 Ácido cítrico.	3 g/l.
Zume de uva, segundo o Real decreto 1650/1991, do 8 de novembro, e Real decreto 1044/1987, do 31 de xullo.	E-170 Carbonatos de calcio.	Quantum satis.
	E-336 Tartaratos de potasio.	Quantum satis.
	E-300 Ácido ascórbico.	Quantum satis.
	E-330 Ácido cítrico.	3 g/l.
Néctares, segundo o Real decreto 1650/1991, do 8 de novembro.	E-300 Ácido ascórbico.	Quantum satis.
	E-330 Ácido cítrico.	5 g/l.
	E-270 Ácido láctico.	5 g/l.
Zumes de ananás segundo o Real decreto 1650/1991, do 8 de novembro.	E-296 Ácido málico.	3 g/l.
	E-300 Ácido ascórbico.	Quantum satis.
	E-330 Ácido cítrico.	3 g/l.
	E-440 Pectinas.	3 g/l.
Néctares de ananás, segundo o Real decreto 1650/1991, do 8 de novembro.	E-270 Ácido láctico.	Quantum satis.
	E-300 Ácido ascórbico.	5 g/l.
	E-330 Ácido cítrico.	5 g/l.
	E-440 Pectinas.	3 g/l.
Zumes de froita da paixón, segundo o Real decreto 1650/1991, do 8 de novembro.	E-300 Ácido ascórbico.	Quantum satis.
	E-330 Ácido cítrico.	3 g/l.
	E-440 Pectinas.	3 g/l.
Néctares de froita da paixón, segundo o Real decreto 1650/1991, do 8 de novembro.	E-270 Ácido láctico.	Quantum satis.
	E-300 Ácido ascórbico.	5 g/l.
	E-330 Ácido cítrico.	5 g/l.
	E-440 Pectinas.	3 g/l.

**Outros:**

A lista de aditivos da seguinte categoría de produtos alimenticios substitúese por:

Productos alimenticios	Aditivos	Dose máxima
Gehakt.	E-300 Ácido ascórbico.	Quantum satis.
	E-301 Ascórbato sódico.	Quantum satis.
	E-302 Ascórbato cálcico.	Quantum satis.
	E-330 Ácido cítrico.	Quantum satis.
	E-331 Citratos sódicos.	Quantum satis.
	E-332 Citratos potásicos.	Quantum satis.
	E-333 Citratos cálcicos.	Quantum satis.

**Modificación do anexo III do Real decreto 145/1997****Conservadores e antioxidantes permitidos en determinadas condicións**

Na parte C: outros conservadores, do presente anexo, suprímese o E-233 Tiabendazol.

**Azucres:**

A categoría de produtos alimenticios: «Azucres no sentido do Real decreto 1261/1987, do 11 de setembro, excepto o xarope de glicosa, deshidratado ou non», así como a dose máxima de SO<sub>2</sub>, substitúese por:

Productos alimenticios	Aditivos	Dose máxima — mg/kg
Azucres, no sentido do Real decreto 1261/1987, do 11 de setembro, excepto azucre en bruto, azucre moreno de cana, azucre en po, azucre candi e o xarope de glicosa deshidratado ou non.	SO <sub>2</sub>	10

**Bebidas alcohólicas:**

No presente epígrafe engádense a seguinte categoría de produtos alimenticios:

Productos alimenticios	Aditivos	Dose máxima — mg/l
Bebidas alcohólicas destiladas que conteñan peras enteiras.	SO <sub>2</sub>	50

**Productos da pesca:**

No presente epígrafe, a categoría de produtos alimenticios «Crustáceos frescos, conxelados e ultraconxelados das especies Peneidae, Solenoceridae, Aristeidae», substitúese por: «Crustáceos frescos, conxelados e ultraconxelados das familias Peneidae, Solenoceridae, Aristeidae».

Productos alimenticios	Aditivos	Dose máxima — mg/kg
Crustáceos e cefalópodos cocidos.	SO <sub>2</sub>	50 (nas partes comestibles).

**Productos vexetais elaborados:**

a) No presente epígrafe, a categoría de produtos alimenticios «Preparados de froita para estender, incluídos os de valor enerxético reducido ou sen azucres engadidos».

Substitúese por: «Marmeladas/Preparados de froita para estender incluídos os de valor enerxético reducido ou sen azucres engadidos».

b) Os aditivos e doses máximas permitidos na categoría de produtos alimenticios: «Olivas e preparados a base de olivas», substitúense por:

Productos alimenticios	Aditivos	Dose máxima — mg/kg
Olivas e preparados a base de olivas.	Sa	1.000
	Ba	500
	Sa + Ba	1.000

c) No presente epígrafe, a categoría de produtos alimenticios: «Flocos e granulado de pataca deshidratada», substitúese por: «Patacas deshidratadas».

d) No presente epígrafe, suprímese o aditivo E-233 Tiabendazol, das seguintes rúbricas:

Tratamento de superficie dos cítricos.

Tratamento de superficie dos plátanos.

e) No presente epígrafe engádense as seguintes categorías de produtos alimenticios:

Productos alimenticios	Aditivos	Dose máxima — mg/kg
Doce de marmelo. Remolacha de mesa cocida. Froitos secos aderezados. Millo doce envasado ó baleiro.	Ba	1.000
	Ba	2.000
	SO <sub>2</sub>	50
	SO <sub>2</sub>	100

**Queixos:**

A lista de aditivos da seguinte categoría de produtos alimenticios, substitúese por:

Productos alimenticios	Aditivos	Dose máxima
Tratamento de superficie de queixo curado ou madurado, duro, semiduro e semibrando.	E-235	1 mg/dm <sup>2</sup> de superficie (non presente a 5 mm de profundidade).
	Sa	Quantum satis.
	E-280 a E-283	Quantum satis.

**Mollos:**

Os aditivos e doses máximas permitidos nas categorías de produtos alimenticios:

a) Mollos emulsionados cun contido mínimo de graxas do 60 por 100.

b) Mollos emulsionados cun contido de graxa inferior ó 60 por 100.

## Substitúese por:

Productos alimenticios	Aditivos	Dose máxima — mg/l
Mollos emulsionados cun contido mínimo de graxa do 60 por 100.	Sa	1.000
	Ba	500
	Sa + Ba	1.000
	E-310 a E-312 E-320	200 (galatos e BHA por separado ou en combinación) expresados sobre a graxa.
Mollos emulsionados cun contido de graxa inferior ó 60 por 100.	Sa	2.000
	Ba	1.000
	Sa + Ba	2.000
	E-310 a E-312 E-320	200 (galatos e BHA por separado ou en combinación) expresados sobre a graxa.

## Sucedáneos:

O presente epígrafe modifícase como segue:

Productos alimenticios	Aditivos	Dose máxima — mg/kg
Sucedáneos de carne, peixe, crustáceos e cefalópodos a base de proteínas.	Sa SO <sub>2</sub> (1)	2.000 200
Sucedáneos de queixo a base de proteínas.	Sa	2.000
Sucedáneos de queixo a base de leite.	E-251 e E-252	50 (cantidade residual expresada en NO <sub>3</sub> Na).
	Sa	2.000
Tratamento de superficie de sucedáneos de queixo.	Sa	Quantum satis.
	E-280 a E-283	Quantum satis.

(1) Só para sucedáneos de carne, peixe e crustáceos.

Alimentos con denominación non española:

a) No presente epígrafe engadíranse os seguintes produtos alimenticios:

Productos alimenticios	Aditivos	Dose máxima — mg/kg-mg/l
Mehu y Makeutettu...Mehu.	Sa	500
	Ba	200
Marmalade.	Sa + Ba	1.500
Ostkaka.	Sa	2.000

Productos alimenticios	Aditivos	Dose máxima — mg/kg-mg/l
Pasha.	Sa	1.000
Semmelk nödelteig.	Sa	2.000
Mascarpone.	E-234	10
Polsebrod, boller e dansk flutes envasados.	E-280 a E-283	2.000 expresado como ácido propiónico.

b) A lista de aditivos da seguinte categoría de produtos alimenticios substitúese por:

Productos alimenticios	Aditivos	Dose máxima
Foie gras, foie gras entier, blocs de foie gras.	E-249 e E-250	150 cantidade engadida indicativa, expresada como NO <sub>2</sub> Na.
	E-249 e E-250	100 cantidade residual no punto de venda ó consumidor final expresada como NO <sub>2</sub> Na.
	E-251 e E-252	50 expresado como NO <sub>3</sub> Na.

## Outros:

No presente epígrafe engádesse a seguinte rúbrica:

Productos alimenticios	Aditivos	Dose máxima
Envolturas a base de coláxeno cunha actividade acuosa de máis do 0,6.	Sa	Quantum satis.

## Modificación do anexo IV do Real decreto 145/1997

## Outros aditivos permitidos

Os aditivos que figuran neste anexo complétanse coas seguintes novas inclusións:

E-343 Fosfatos de magnesio:

- Fosfato monomagnésico.
- Fosfato dimagnésico.

E-425 Konjac:

- Goma konjac.
- Glicomananos de konjac.

E-459 Beta ciclodextrina.

E-905 Cera microcristalina.

E-1518 Triacetato de glicerilo (triacetina).

No cadro correspondente ós aditivos E-338 a E-452 inclúese un novo aditivo, o E-343:

E-338 a E-341 E-343 E-450 a E-452	As doses soas ou en combinación non se modifican.
---	---

Polo que resultan modificadas as listas de aditivos das seguintes categorías de produtos alimenticios pola inclusión do novo aditivo E-343 Fosfatos de magnesio.

Azucres: azucre glacé.

Bebidas alcohólicas: bebidas alcohólicas (1).

(1) Excepto viño e cervexa.

Bebidas non alcohólicas: branqueadores de bebidas; bebidas lácteas de chocolate e malte.

Caldos e sopas.

Cereais para o almorzo.

Fariñas: fariñas, fariña con levadura.

Xeados: xeados, sorbetes e tartas xeadas.

Ovos e ovoprodutos: ovo líquido (clara, xema ou ovo completo).

Leite e produtos lácteos:

Leite esterilizado e UHT.

Leite parcialmente deshidratado:

a) Con menos do 28 por 100 de sólidos.

b) Con máis do 28 por 100 de sólidos.

Leite en po e leite desnatado en po.

Natas pasteurizadas, esterilizadas, UHT.

Nata batida.

Pans especiais e bolos: pans especiais e bolos finos.

Pastelería, repostería e galletería: pastelería, repostería e galletería.

Productos alimenticios destinados a unha alimentación especial:

